

A VOZ PASIVA (I)

En castelán e galego, a voz pasiva fórmase de xeito perifrástico (ser + participio), mas en latín había varios tempos desta voz que se formaban por medio de flexión (o tema de presente).

As desinencias persoais dos tempos de **tema de presente** en voz pasiva son as seguintes:

amo, āvi, ātum “amar, gustar”. **Presente de indicativo pasivo.**

1 S	-r ¹⁸	<i>amor</i>
2 S	--ris/re	<i>amaris/amare</i>
3 S	-tur	<i>amatur</i>
1 P	-mur	<i>amamur</i>
2 P	-mini	<i>amamini</i>
3 P	-ntur	<i>amantur</i>



Lembremos que, en castelán ou galego, o participio ten flexión de xénero, pero en latín, ao ser unha forma non perifrástica, isto non sucede. Isto é: amor pode significar “son amado” ou “son amada”.

A estrutura da oración en latín é a seguinte:

Multas leges	a Constantino imperatore	condebantur
Suxeito	Complemento Axente	Verbo pasivo

“Moitas leis eran proclamadas polo emperador Constantino”

A continuación tedes o paradigma dos tema de presente na voz pasiva en todas as conxugacións:

	INDICATIVO		
	Presente	Imperfecto	Futuro
1ª conx.	amor	amabar	amabor
amo-are-	amaris	amabaris	amaberis ¹
avi-atum	amatur	amabatur	amabitur
	amamur	amabamur	amabimur
	amamini	amabamini	amabimini
	amantur	amabantur	amabuntur
	<i>(son amado)</i>	<i>(era amado)</i>	<i>(serei amado)</i>

¹⁸ Substitúe a desinencia activa -m e se engade á desinencia activa -o: *amabam – amabar; mitto – mittor*.

	INDICATIVO		
	Presente	Imperfecto	Futuro
2ª conx. habeo-ere- habui- habitus	habeor haberis habetur habemur habemini habentur <i>(son tido)</i>	habebat habebatis habebatur habebamur habebamini habebantur <i>(era tido)</i>	habebor habeberis ¹ habebitur habebimur habebimini habebuntur <i>(serei tido)</i>
3ª conx. dico-ere- dixi- dictum	dicor diceris ¹ dicitur dicimur dicimini dicuntur <i>(son dito)</i>	dicebat dicebatis dicebatur dicebamur dicebamini decebantur <i>(era dito)</i>	dicar diceris dicetur dicemur dicimini dicentur <i>(serei dito)</i>
3ª mixta capio-ere- cepi- captum	capior caperis ¹ capitur capimur capimini capientur <i>(son collido)</i>	capiebat capiebatis capiebatur capiebamur capiebamini capiebantur <i>(era collido)</i>	capiar capieris capietur capiemur capiemini capientur <i>(serei collido)</i>

	INDICATIVO		
	Presente	Imperfecto	Futuro
4º conx. audio-ire- ivi-itum	audior audiris auditur audimur audimini audiuntur (son oído)	audiebar audiebaris audiebatur audiebamur audiebamini audiebantur (era oído)	audiar audieris audietur audiemur audiemini audientur (serei oído)

O COMPLEMENTO AXENTE

O complemento axente en latín constrúese co caso **Ablativo**, que pode estar ou non precedido da preposición **a/ab** (+ consonante/+ vogal).

A distribución máis habitual é:

- **A/ab** + Ablativo (“propio”): con seres animados e cousas personificadas.
- Ablativo **só** (“instrumental”): con seres inanimados ou cousas.

1. ANALIZA E TRADUCE AO GALEGO OU CASTELÁN

<i>Flumen ab incolis Durius appellabatur</i>	
<i>Princeps a militibus Caligula appellatur</i>	
<i>Villae publicae ab imperatoribus aedificabantur</i>	
<i>Romanorum multi captivi ab hostibus tenebantur</i>	
<i>Duces in proelio capiuntur, milites occiduntur.</i>	
<i>Bellum in Lusitania contra Viriathum a Romano exercitu geritur.</i>	
<i>Numantia a P. Scipione Africano vastatur</i>	

<i>Graecia a Romanis capitur</i>	
<i>Hasdrubal ab Scipionibus in Hispania vincitur</i>	
<i>Multa templa in provinciarum urbibus aedificantur</i>	
<i>Omnia oppida vastantur</i>	
<i>Insula appellatur Sicilia</i>	

2. CAMBIA A VOZ PASIVA ESTAS ORACIONES:

<i>Romani Persas vincunt</i>	
<i>Legiones multa Persarum oppida expugnabant</i>	
<i>Pater filios occidit</i>	
<i>Senatus quattuor legiones ad Gallias mittit</i>	
<i>Tum novi imperatores rem publicam tenebant</i>	
<i>Exercitus duces imperatores facit</i>	

Glosario para os exercicios:

flūmēn, *inis, n.*: corrente de auga, río

īncōla, *ae, m.*: habitante

Dūrīus², *ii, m.*: o Douro, río de Lusitania.

āppēllo², *as, are*: chamar

prīncēps, *ipis, adj.* : primeiro, xefe, emperador, príncipe

cāptīvus, *a, um* : prisioneiro (especialmente de guerra)

ōccīdo², *is, ere, occidi, occasum (ob + cado)* : cortar, cortar en cachos, matar

gĕro, *is, ere, gessi, gestum* : 1. levar 2. levar a cabo, facer

vāsto, *as, are* : 1. deixar deserto, baleiro, despoboar 2. devastar, saquear, asolar

ōppīdūm, *i, n.* : fortaleza; cidade, recinto fortificado

ēxpūgno, *as, are*: tomar pola forza, asaltar, vencer